

# Regulamento Cpto. Galego de Bloque 2013

## 1 DATA, LUGAR e HORARIOS

A data do Campeonato Galego de Escalada en Bloque e o vindeiro sábado 15 de xuño.

O lugar e o mesmo do ano 2012, no que se realizou a primeira proba da Copa Galega de Escalada en Bloque, no Paseo Marítimo de Riazor da Coruña á altura do Museo DOMUS, ó aire libre.

Constará dunha estrutura de paneis de madeira en liña, suxetos pola parte traseira con andamiaxe e protexidos con colchonetas para as caídas.

### Rolda Clasificatoria

- 09:30 Apertura inscrición e quecemento dos competidores.
- 10:30 Inicio das roldas clasificatorias.
- 13:30 Fin da rolda clasificatoria.
- 13:45 Información dos clasificados para a final.

### Finais

- 16:00 Apertura zona de quecemento.
- 16:30 Inicio das Rondas da Final
- 19:30 Entrega de trofeos.

## 2 INSCRICIÓN

A inscrición á competición poderase facer de dúas maneiras, non obstante solicitamos ós participantes que comuniquen a asistencia con anterioridade para poder facer unhas previsións de asistencia ó evento.

- **Antes da proba**, enviando un e-mail a [artabros@artabros.org](mailto:artabros@artabros.org) cos seguintes datos, ou directamente na oficina de Artabros:  
Nome e Apelidos + DNI + Clube

E ingresando a cantidade de 5€ na conta do Clube Organizador, onde figure o nome e apelidos do participante, e no concepto engadir: "*Cpto. Bloque 2013*", ou pagando na oficina de Artabros.

*Nº Conta de Artabros: NovaGaliciaBanco 2080 5565 00 3040002362*

No caso de ser un ingreso de Clube con varios participantes poñer o nome do Clube e remitir o listado de participantes ó mail [artabros@artabros.org](mailto:artabros@artabros.org)

*As inscricións realizadas do xoves 13 de xuño en adiante terán un custo de 10€*

- **O mesmo día da proba**, ata as 10:00 da mañá

Prezo:           5€ ata o mércores 12 de xuño  
                  10€ do xoves 13 de xuño en adiante

**Aviso:** os escaladores preinscritos poderán empezar as clasificatorias despois das 10 da mañá. Os que se apunten o día da proba deberán estar antes das 10 da mañá inscritos.

**Requisito Imprescindible,** estar en posesión da licenza federativa de montaña do ano en curso nunha modalidade que cubra a escalada. O día da proba deberán acreditar a licenza federativa.

Límite de participantes: 50

### **3   FORMATO DA COMPETICIÓN**

Será moi aberto, para favorecer que todos os escaladores, poidan dar o máximo de se mesmos.

#### **Roldas clasificatorias**

O formato proposto para as roldas clasificatorias é o denominado “Á Americana”. Todos os participantes xuntos disporán dun tempo fixado pola organización para tentar os problemas. Poderanse facer os intentos que queiran a cada un dos problemas propostos. Finalizado o tempo pasarán á final os escaladores que foron capaces de facer o maior número de problemas.

#### **Normas**

- Cada participante recibirá una tarxeta que deberá amosar ó xuíz de cada paso para en caso de resolvelo marcarlle nela o resultado. Esta tarxeta será entregada o finalizar á organización para o reconto final.
- Para cada problema de bloque indícarase claramente a presa de inicio e a presa final, que deberán collerse coas dúas mans. Haberá que permanecer durante dous segundos coas dúas mans collidas na presa final.
- Non se poderán utilizar os bordes superiores da instalación, salvo que estea indicado polos xuíces.

- Unha vez que se levantan os dous pés, non se poderá tocar o chan nin as colchonetas con ningunha parte do corpo.
- Non se poden mover as mans das presas de inicio mentres non se levanten os dous pés do chan.
- Os escaladores non poderán tocar dende o chan as presas (coa excepción das de inicio).
- Os escaladores disporán dende as 10:30 da mañá ata as 13:30 para conseguir facer o maior número de problemas propostos.
- Pasarán á final 5 escaladores na categoría (masculina e feminina) que menos participantes teña e 8 na categoría que máis participantes teña. No caso de empates entre escaladores pasarán a final o numero de persoas que máis se aproximen a 5 ou a 8, e quedará baixo a decisión da organización.
- Haberá presas “penalizadoras” en cada paso, é dicir, presas que tocalas ou pisalas penalizan, puntuando menos ditos pasos realizados ó utilízalas. Estarán claramente marcadas cunha tablilla de cor chamativo por debaixo.
- Pasarán á final os escaladores que máis pasos realicen sen utilizar presas penalizadoras. En caso de empate contarán o número de pasos utilizando unha presa penalizadora, se continuara o empate se contarán os pasos utilizando dúas presas penalizadoras.
- Serán os mesmos pasos en categoría masculina e en categoría feminina.

### **Roldas finais**

Para a final haberá 4 pasos de bloque, onde gañará o participante que máis pasos consiga realizar.

A orde de saída será inverso os resultados das clasificatorias, comezando primeiro os escaladores que peores resultados obtiveran na clasificatoria. En caso de empate decidírase o orde por sorteo entre os empatados.

### **Normas**

- Montaránse 4 pasos por categoría (podendo algún paso ser común).
- Competirán á vez dous homes e dúas mulleres intercalados, o resto de competidoes estarán illados sen ver ós demais.
- Cada escalador/a disporá de 4 minutos para a realización do bloque, no que lle pode dar todos os intentos que desexe, anotándose o nº de intentos e a última presa agarrada no millor deles (só para caso de empates).
- Rematado o tempo voltarán a zona de illamento, salvo que xa remataran.

## **Gañadores**

1. Gañará o escalador que máis pasos logre facer.
2. No caso de empate, desempatarase por numero de intentos para facer os pasos.
3. Se este seguise, recurrirase á ultima presa agarrada no millor intento.
4. Se este seguise, irase ás clasificatorias para desempatar.
5. Se proseguira o empate, a organización poderá propoñer un paso de desempate entre os participantes que se atopen neste caso, a un só intento, ou mais se seguen empatando, ou decláralos empatados.

## **Reclamacións**

- Se un competidor non está de acordó coa súa clasificación, poderá presentar unha reclamación por escrito á organización. Haberá follas a disposición dos competidores para presentar as reclamacións.
- O tempo para a presentación de reclamacións finaliza 30 minutos despois de publicada o listado coas clasificacións.
- Non se atenderán reclamacións de carácter verbal.
- Os xuíces da competición estudarán a reclamación e dictarán unha resolución dentro do tempo adicado a competición.